

Concentración contra os despidos e a represión en Atento



No que levamos de mes, Atento despediu a 15 traballadoras que prestaban servizo para o departamento de atención a empresas de **Movistar**. Destas, dúas eran compañeiras do centro de traballo da Coruña, outra de Bilbao e as restantes de Lleida.

Todos estes despedimentos (disciplinarios, aducindo baixo rendemento e mala fe contractual) están fundamentados en embustes que nin tan sequera tratan de disimular. Pola experiencia acumulada, somos quen de aseverar que **Atento** vai recoñecer a improcedencia dos despidos, que parecen ser produto dun acordo con **Movistar** para reorganizar parte do Servizo Pymes a costa de emprego aínda máis precario. De certo, non é que non haxa traballo: mentres que no centro da Coruña despiden a dúas compañeiras, Atento oferta dez vacantes para unha campaña de Iberdrola na que podería recolocar perfectamente as despedidas, se houbose boa vontade por parte da empresa.

Ademais, coincidindo cos despidos en Lleida, Atento sancionou a un delegado da **CGT** por defender ás traballadoras, co único fin de amedrentar a este sindicato e evitar que sigamos denunciando as afrontas, abusos e **destrución premeditada do emprego de Atento e Movistar**, que amparadas polas leis laborais fan e desfán a golpe de talonario.

Mañá sábado, día 13, a CGT ven a convocar unha concentración as 12 da mañá diante da tenda de Movistar da praza de Pontevedra para protestar polos infames despidos e esixir o cese da represión sindical e laboral.

Sección Sindical da **CGT** en Atento - A Coruña